## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua e literatura: Galego

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Lingua e literatura: Galego | | | |
| Código | O05G110V01505 | | | |
| Titulación | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Dacosta Pérez, Fernando | | | |
| Profesorado | Dacosta Pérez, Fernando | | | |
| Correo-e | fernando.dacosta.perez@uvigo.gal | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A especialidade de Grao de Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa un dominio amplo en diversos aspectos da lingua. Ademais do dominio lingüístico, indispensable, preténdese unha formación en literatura e sociolingüística. Os obxectivos desta materia son, pois, lingüísticos e literarios.<br>A disciplina está concibida para profundar en coñecementos non impartidos en cursos anteriores ou que os complementan (literatura, historia da lingua e lingua e sociedade) para fornecerlle ao alumnado os rudimentos necesarios para a comprensión e análise de textos literarios prosísticos e poéticos. | | | |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

| Código | |
|---|---|
| A1 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil |
| B3 | Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos |
| B6 | Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión |
| C43 | Favorecer as capacidades de fala e de escritura. |
| C44 | Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita. |
| C45 | Coñecer a tradición oral e o folclore. |
| C46 | Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua. |
| C48 | Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües. |
| C50 | Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura. |
| C51 | Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil. |
| D1 | Capacidade de análise e síntese |
| D2 | Capacidade de organización e planificación |
| D3 | Comunicación oral e escrita |
| D6 | Capacidade de xestión da información |
| D7 | Resolución de problemas |
| D8 | Toma de decisións |

| | |
|---|---|
| D9 | Traballo en equipo |
| D11 | Habilidades nas relacións interpersoais |
| D12 | Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade |
| D13 | Razoamento crítico |
| D14 | Compromiso ético |
| D15 | Aprendizaxe autónoma |
| D16 | Adaptación a novas situacións |
| D17 | Creatividade |
| D18 | Liderado |
| D19 | Coñecemento doutras culturas e costumes |
| D21 | Motivación pola calidade |

## Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación | | | C46 | D1<br>D3 |
| 2. Favorecer as capacidades de fala e escrita. | | | C43 | D1<br>D3<br>D11<br>D13<br>D15<br>D16<br>D17 |
| 3. Coñecer e dominar as técnicas da expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos. | A1<br>A2<br>A3<br>A4 | | C43<br>C44<br>C46 | D1<br>D2<br>D3<br>D9<br>D13<br>D15<br>D16<br>D17 |
| 4. Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente en galego. | | | C44<br>C46<br>C48<br>C50 | D1<br>D3<br>D13<br>D15<br>D16<br>D17 |
| 5. Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua | | B3<br>B6 | C46 | D1<br>D3<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D18<br>D19 |
| 6. Coñecer as liñas xerais da historia da lingua galega. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | | | D1<br>D2<br>D3<br>D13<br>D15 |
| 7. Coñecer os rudimentos teóricos para analizar a relación entre lingua e sociedade. | A1<br>A3<br>A4<br>A5 | B3<br>B6 | C48 | D1<br>D2<br>D3<br>D7<br>D9<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8. Coñecer a situación lingüística mundial multilingüe e multicultural. | A1<br>A3<br>A4<br>A5 | B3<br>B6 | C48 | D1<br>D2<br>D3<br>D6<br>D7<br>D8<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D19 |
| 9. Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües. | A2 | B3<br>B6 | C48 | D1<br>D7<br>D8<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D19 |
| 10. Relacionar a situación lingüística de Galicia coa situación lingüística mundial. | A2 | B1<br>B3<br>B6 | C48 | D1<br>D2<br>D3<br>D6<br>D7<br>D8<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D19 |
| 11. Coñecer a situación legal, a normalización e a normativización do galego. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B1<br>B3<br>B6 | C48 | D1<br>D2<br>D3<br>D7<br>D8<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D19 |
| 12. Fomentar a eliminación dos prexuízos lingüísticos tanto da escola como da sociedade. | A2<br>A3<br>A4 | B3<br>B6 | C48 | D1<br>D7<br>D8<br>D9<br>D11<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D19 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 13. Coñecer a tradición oral e o folclore. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B3<br>B6 | C45 | D1<br>D3<br>D9<br>D11<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D19 |
| 14. Adquirir formación literaria. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B3<br>B6 | C51 | D1<br>D2<br>D3<br>D7<br>D8<br>D13<br>D15<br>D17<br>D21 |
| 15. Comprender o feito literario. | | B3<br>B6 | C50<br>C51 | D1<br>D2<br>D3<br>D13<br>D15<br>D17<br>D21 |
| 16. Coñecer os rudimentos do comentario de texto (narrativo e/ou poético). | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B3<br>B6 | C50<br>C51 | D1<br>D2<br>D3<br>D7<br>D8<br>D9<br>D13<br>D15<br>D16<br>D17<br>D21 |
| 17. Coñecer a historia da literatura galega para saber contextualizar os textos que se comenten. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5 | B3<br>B6 | C50<br>C51 | D1<br>D2<br>D3<br>D7<br>D8<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D21 |
| 18. Aplicar os conceptos lingüísticos e literarios á análise da realidade galega atendendo á súa especificidade. | A2<br>A3<br>A4 | B3<br>B6 | C43<br>C48<br>C51 | D1<br>D2<br>D3<br>D7<br>D8<br>D9<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16<br>D17<br>D21 |

| **Contidos** |
|---|
| Tema |

| | |
|---|---|
| 1. Historia da lingua | 1.1. A formación da lingua galega.<br>1.2. O galego na Idade Media.<br>1.3. Os Séculos Escuros.<br>1.4. O século XIX.<br>1.5. O século XX. |
| 2. Lingua e sociedade | 2.1. A linguaxe e a comunicación.<br>2.2. Unidade e variedade da lingua galega.<br>2.3. Lingua oral e lingua escrita.<br>2.4. A situación lingüística no mundo.<br>2.5. Os prexuízos lingüísticos.<br>2.6. Linguas en contacto: o caso galego<br>2.7. Bilingüismo e diglosia.<br>2.8. Interferencias lingüísticas<br>2.9. Normalización e normativización. |
| 3. Oralidade e comunicación. Tradición oral | 3.1. A literatura popular de tradición oral.<br>3.2. Da tradición oral á escrita de autor.<br>3.3. Recursos para a comunicación oral |
| 4. Literatura | 4.1. A linguaxe e a literatura.<br>4.2. O comentario de texto.<br>4.3 A literatura galega medieval.<br>4.4. Literatura galega dos séculos escuros.<br>4.5. Literatura galega do Rexurdimento.<br>4.6. A literatura galega no período 1900-1936.<br>4.7. A literatura galega no período 1936-1975.<br>4.8. A literatura galega desde 1975 até a actualidade. |
| 5. Creatividade | 5. Exercicios de creatividade oral e escrita (sobre todo nas clases prácticas)<br>5.2. Reflexións críticas |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas | 22 | 34 | 56 |
| Traballo tutelado | 14 | 34 | 48 |
| Lección maxistral | 14 | 30 | 44 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas | Creación e corrección de actividades iniciadas na aula. Orientacións sobre os criterios para a elección de traballos que deben realizar. Aclaración de todas as dúbidas que expoña o alumnado. Exposición de traballos. |
| Traballo tutelado | -Elaboración de textos (poético, narrativo, teatral, ensaístico) e comentario de textos: narrativa, poesía, teatro.<br>-Orientacións sobre a metodoloxía que deben empregar.<br>-Orientacións sobre as lecturas. |
| Lección maxistral | Exposición teórica dos contidos do temario e orientacións dos traballos que o alumnado debe realizar durante o curso. Aclaracións sobre as cuestións do temario explicado e resolución de dúbidas e cuestións das/dos estudantes. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Atenderase calquera dúbida ou cuestión do alumnado ao longo das sesións. |
| Resolución de problemas | Atendarase de forma individualizada ao alumnado, tanto nas sesións de clase práctica como nas titorías. |
| Traballo tutelado | Os traballos serán titorizados tanto nas clases prácticas como nas titorías. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | O alumnado será atendido sempre que o precise no horario de titorías. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas | - Análise e comentario (dun texto narrativo, poético ou teatral), elaboración da correspondente programación didáctica, propostas de cara á creatividade na aula.<br>- Elaboración dun texto creativo (poético, narrativo ou teatral).<br>- Presentación oral. | 30 | A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B6 C43 C44 C45 C46 C48 C50 C51 D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D21 |
| Traballo tutelado | -Elaboración dun traballo tutelado relacionado co apartado 2 do programa, "Lingua e sociedade", que debe incluír unha parte de investigación empírica.<br>- Presentación oral do traballo. | 30 | A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B6 C43 C44 C45 C46 C48 C50 C51 D1 D2 D3 D6 D7 D8 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D19 D21 |
| Lección maxistral | Asistencia e participación | 10 | A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B6 C43 C44 C45 C46 C48 C50 C51 D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D21 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | - Proba escrita. | 30 | A1 A2 A3 A4 A5 B1 B6 C43 C44 C45 C46 C48 C51 D1 D2 D3 D6 D7 D8 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D19 D21 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Modelo A: O alumnado que asista regularmente á clase terá que presentarse obrigatoriamente ao exame e acadar como mínimo un 4, para poder sumar as notas obtidas nos traballos.

Modelo B: O alumnado que non asista regularmente a clase, ademais do exame, terá que realizar un traballo oral e outro escrito, sobre as temáticas acordadas co docente. Para facer media, no exame debe acadar como mínimo un 5 e nos traballos como mínimo un 3.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza á Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación poderían adaptaranse para alumnado do curso ponte.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


Gutiérrez Izquierdo, R., **Lectura de nós. Introducción á literatura galega.**, Xerais, 2000

Mariño, R., **Historia da lingua galega**, Sotelo Blanco, 1998

Monteagudo Romero, H., **Estudios de sociolingüística galega**, Xerais, 1998


### Bibliografía Complementaria


Rodríguez Fer, C., **Comentario de textos contemporáneos**, Xerais, 1992

López Casanova, A., **Diccionario metodolóxico de análise literaria. I A poesía**, Galaxia, 2001

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da lingua galega**, Xerais, 1991

Rodari, G., **Gramática da fantasía**, Kalandraka, 1999

Moreno Cabrera, J. C., **La dignidad e igualdad de las lenguas**, Alianza, 2000

Villanueva, D., **El comentario del texto narrativo: cuento y novela**, Nostrum, 2006

VVAA, **Galicia. Antropoloxía. Imaxinario. Literatura popular. Tomo XVIII**, Hércules, 1997

Fernández Rial, Rosalía, **Aulas sen paredes**, Positivas, 2016

Alonso Pintos, Serafín; Muñoz Saa, Begoña; Sarmiento Macías, María Xesús, **Claro e seguido (1,2,3 e 4). Un enfoque comunicativo na didáctica da lingua**, Xerais, 2004


## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil/O05G110V01103

Didáctica da lingua e a literatura infantil/O05G110V01404

Lingua e literatura: Español/O05G110V01507

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Antropoloxía: Pensamento e cultura/O05G110V01401

Aprendizaxe das ciencias sociais/O05G110V01601

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Lingua galega/O05G110V01201

Lingua e literatura: Galego/O05G110V01505

### Outros comentarios

A foto en Moovi debe permitir recoñecervos. Foto tipo carnet.

Acudide con gañas de descubrir, de aprender creando, de compaxinar o rigor académico co desfrute que debe proporcionar o coñecemento.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).